

exencións de visado, prórrogas de estadia ou permisos de residencia e permisos de traballo, así como sobre sancións gubernativas e expulsións de estranxeiros, porán fin á vía administrativa, podendo interperse contra estas os recursos administrativos ou xurisdiccionais legalmente previstos. Exceptúanse as resolucións sobre solicitudes de prórroga do permiso de residencia, renovación e modificación do permiso de traballo, e devolución, denegación de entrada, e retorno, as cales non esgotan a vía administrativa. Nun e noutro caso, os actos e resolucións administrativas adoptados serán impugnables conforme o disposto nas leis, sendo o seu réxime de executividade o previsto con carácter xeral na lexislación vixente, salvo o disposto na Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, para a tramitación de expedientes de expulsión con carácter preferente.

Disposición adicional sétima. *Tratamento preferente.*

Terán tratamento preferente as peticións de visado de residencia para reagrupamento familiar ou de visado para a obtención de permiso de traballo de temporada, e as peticións de permiso de residencia por reagrupamento familiar, de permiso de traballo de temporada e de modificación de permiso de traballo.

Disposición adicional oitava. *Cotización pola continxencia de desemprego.*

Nas contratacións cos estranxeiros titulares dos permisos de traballo contemplados nos artigos 76 e 78, ou da autorización para traballar prevista no número 1.a) do artigo 79 deste regulamento, non se cotizará pola continxencia de desemprego.

Disposición adicional novena. *Integración social.*

As administracións públicas competentes en cada momento poderán desenvolver as súas competencias en todas aquelas materias relacionadas coa integración social dos estranxeiros en España.

Disposición adicional décima. *Subcomisión de residencia e traballo de estranxeiros na Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado.*

De acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 4/2000, reformada pola Lei orgánica 8/2000, constituirase unha subcomisión, no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado, que coñecerá das cuestións de residencia e traballo de estranxeiros que afecten directamente as Canarias.

14166 REAL DECRETO 865/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento do estatuto de apátrida. («BOE» 174, do 21-7-2001.)

O artigo 13.4 da Constitución sinala que a lei establecerá os termos nos que os cidadáns doutros países e os apátridas poderán gozar do dereito de asilo.

O mandato constitucional cumpriuse coa promulgación da Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, Lei 5/1984, do 26 de marzo, actualmente

modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aínda cando España, con anterioridade á promulgación da Constitución, xa se adherira mediante Instrumento do 22 de xullo de 1978 («Boletín Oficial del Estado» do 21 de outubro de 1978), á Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 e ó Protocolo de Nova York do 31 de xaneiro de 1967, sobre o Estatuto dos refuxiados.

Na dita lei regúlase o dereito de asilo que se concede a quen se lle recoñece a condición de refuxiado, a cal pode facerse valer non só por nacionais doutros países, senón tamén por apátridas, como se recolle no artigo 1 da Convención de Xenebra, en concordancia co establecido no 13.4 da Constitución.

Sen embargo, estes últimos, os apátridas, non sempre reúnen os requisitos para seren recoñecidos como refuxiados e, polo tanto, non poden gozar do dereito de asilo. Se ben, isto non supón a privación do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais, xa que se trata de persoas ás que a comunidade internacional prestou a súa atención por entender que é desexable regularizar e mellora-la súa condición.

Esa foi a consideración que levou á adopción da Convención sobre o Estatuto dos apátridas, feita en Nova York o 28 de setembro de 1954, á que España se adheriu por Instrumento do 24 de abril de 1997 («Boletín Oficial del Estado» do 4 de xullo de 1997).

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, dispón, no seu artigo 34, o recoñecemento da condición de apátrida polo ministro do Interior ó estranxeiro que carecendo de nacionalidade reúna os requisitos previstos na Convención sobre o Estatuto de apátridas de 1954 e a expedición da documentación prevista no artigo 27 da citada Convención. A execución desa previsión normativa, así como a adhesión de España á citada Convención, esixe o establecemento dun procedemento para a determinación do citado Estatuto que prevexa as peculiaridades derivadas da singularidade da apatridia e as dificultades indagatorias e documentais na instrución do expediente, sen prexuízo do disposto no citado tratado internacional, tal e como sinala o artigo 1.2 da Lei 4/2000.

Na súa virtude, logo do informe favorable da Comisión Interministerial de Estranxeiría, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e dos ministros de Asuntos Exteriores, de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2001,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación.*

Apróbase o Regulamento de recoñecemento do estatuto de apátrida, co texto que se insire a seguir.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro.*

Modifícase o Regulamento de aplicación da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo

e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, aprobado polo Real decreto 203/1995, do 10 de febreiro, nos seguintes termos:

1. Engádesse ó punto 3 do artigo 2 un novo parágrafo, «i», coa seguinte redacción:

«i) Examina-los expedientes de apatridia e elevar propostas de resolución ó ministro do Interior a través da Dirección Xeral de Estranxeiría e Inmigración.»

2. Engádesse ó artigo 3, un novo parágrafo, «i», coa seguinte redacción:

«i) Instruí-los expedientes para recoñece-lo estatuto de apátrida, así como aquelas outras funcións sinaladas nos puntos anteriores de aplicación ós ditos expedientes.»

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro do Interior a dictar cantas disposicións esixa o desenvolvemento e execución do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de agosto deste ano.

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2001.
JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

REGULAMENTO DE RECOÑECIMENTO DO ESTATUTO DE APÁTRIDA

CAPÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Recoñecemento do estatuto de apátrida.*

1. Recoñecerase o estatuto de apátrida conforme o disposto na Convención sobre o Estatuto dos apátridas, feita en Nova York o 28 de setembro de 1954, a toda persoa que non sexa considerada como nacional seu por ningún estado, conforme a súa lexislación, e manifeste carecer de nacionalidade. Para facer efectivo este recoñecemento, deberá cumprí-los requisitos e procedemento previstos neste regulamento.

2. En ningún caso se concederá este estatuto ós que se encontren comprendidos nalgún dos supostos previstos no artigo 1.2 da citada Convención.

CAPÍTULO I

Solicitud e os seus efectos

Artigo 2. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iniciarase de oficio ou por instancia do interesado. En todo caso será necesario que o interesado manifeste carecer de nacionalidade.

2. Iniciarase de oficio cando a Oficina de Asilo e Refuxio teña coñecemento de feitos, datos ou información que indiquen a posible concorrencia das circunstancias determinantes da apatridia. Neste caso a Oficina de Asilo e Refuxio informará debidamente o solicitante para que este teña a oportunidade de presenta-las súas alegacións.

3. Cando se inicie por solicitude do interesado, esta dirixirase á Oficina de Asilo e Refuxio e presentarase, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ante calquera das seguintes dependencias:

- a) Oficinas de Estranxeiros.
- b) Comisaría de Policía.
- c) Oficina de Asilo e Refuxio.

Artigo 3. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude deberá conte-los requisitos especificados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, xuntaranse os documentos de identidade e de viaxe que se posúan ou xustificarse a carencia deles.

2. Na solicitude deberase facer unha exposición clara e detallada dos feitos, datos e alegacións que se coíden pertinentes en apoio desta, e en particular a mención do lugar de nacemento, da relación de parentesco con outras persoas que, se é o caso, teñan atribuída nacionalidade dalgún estado, e do lugar de residencia habitual noutro estado e tempo que se mantivese.

3. O domicilio que conste na solicitude será considerado domicilio habitual para efectos da práctica das notificacións. O interesado deberá comunicar, coa maior brevidade posible, á Oficina de Asilo e Refuxio, os cambios de domicilio durante a tramitación da súa solicitude.

Artigo 4. *Tempo de presentación da solicitude.*

1. A solicitude deberá presentarse no prazo dun mes desde a entrada no territorio nacional, salvo nos supostos en que o estranxeiro goce dun período de estadía legal superior ó citado, neste caso poderá presentarse antes da súa expiración. Cando as causas que xustifiquen a solicitude se deban a circunstancias sobrevidas, computarase o prazo dun mes a partir do momento en que acontese estas circunstancias.

2. Cando o interesado permanecese en situación de ilegalidade durante máis dun mes, ou presentase a súa petición de recoñecemento do estatuto de apátrida tendo incoada unha orde de expulsión, a solicitude presumirase manifestamente infundada. Este feito terase en conta á hora de redacta-la proposta de resolución.

Artigo 5. *Autorización de permanencia provisional.*

Durante a tramitación do procedemento poderase autoriza-la permanencia provisional do solicitante que estea en territorio nacional e que non se encuentre incurso nun procedemento de expulsión ou devolución, para o que se expedirá a correspondente documentación.

Artigo 6. *Menores.*

1. Cando se trate de solicitantes menores de idade en situación de desamparo segundo a lexislación civil, estes serán encomendados ós servizos de protección de menores da comunidade autónoma correspondente, pódoo así mesmo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

2. A entidade pública que exerza a súa tutela representaraos no procedemento de apatridia.

3. En todo caso, sen prexuízo da aplicación das normas especiais de protección de menores, entenderase autorizada a súa permanencia en territorio nacional durante a tramitación do procedemento.

CAPÍTULO II

Tramitación da solicitude

Artigo 7. *Instrucción.*

1. A instrucción do procedemento será levado a cabo pola Oficina de Asilo e Refuxio, sen que durante a súa tramitación se interrompa o pleno goce dos dereitos e autorizacións que de acordo coa lexislación xeral de estranxeiría teña recoñecido o interesado.

2. O interesado deberá colaborar plenamente durante a instrucción para a acreditación, comprobación e verificación de todos aqueles extremos relevantes para a determinación da situación de apatridia.

3. Aqueles solicitantes que o necesiten poderán ser asistidos por un intérprete durante a tramitación do procedemento, que será de forma gratuíta nos casos en que carezan de medios económicos.

4. Durante a instrucción do procedemento poderase requirir-la presenza do interesado para a realización dunha entrevista.

5. As administracións públicas competentes informarán á Oficina de Asilo e Refuxio sobre calquera procedemento ou feito que afecte a solicitantes do estatuto de apátrida.

Artigo 8. *Probas, alegacións e informes.*

1. Durante a tramitación do procedemento, o interesado poderá presentar cantas probas e información complementaria coide pertinentes, así como formular as alegacións que teña por conveniente en apoio da súa petición.

2. Ó procedemento incorporaranse, se é o caso, os informes das asociacións legalmente recoñecidas que, entre os seus obxectivos, contén co asesoramento e axuda ó apátrida.

3. Na súa actividade instructora, a Oficina de Asilo e Refuxio poderá solicitar, tanto dos órganos da Administración do Estado como de calquera outra entidade nacional ou internacional, cantos informes considere necesarios.

Artigo 9. *Trámite de audiencia.*

1. Instruído o procedemento porase de manifesto ó interesado para que, no prazo de quince días, poida alegar e presenta-los documentos e xustificacións que coide pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando nin figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 10. *Proposta de resolución.*

Concluída a instrucción pola Oficina de Asilo e Refuxio, esta elevará a correspondente proposta de resolución debidamente motivada e individualizada ó ministro do Interior, a través da Dirección Xeral de Estranxeiría e Inmigración.

Artigo 11. *Resolución.*

1. O ministro do Interior resolverá nun prazo non superior a tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa sobre a petición de recoñecemento do estatuto de apátrida formulada, esta poderás entenderse desestimada de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e deberes

dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro.

2. A resolución notificaráselle, dentro do prazo fixado no punto anterior, ó interesado nos termos previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A resolución favorable suporá o recoñecemento da condición de apátrida nos termos previstos na Convención sobre o Estatuto de apátridas de 1954.

4. A denegación da solicitude determinará a aplicación do réxime xeral de estranxeiría.

CAPÍTULO III

Situación dos apátridas recoñecidos

Artigo 12. *Obriga xeral.*

Todo apátrida terá o deber de acata-la Constitución española e o ordenamento xurídico español.

Artigo 13. *Residencia e traballo.*

1. Os apátridas recoñecidos terán dereito a residir en España e a desenvolver actividades laborais, profesionais e mercantís de conformidade co disposto na normativa de estranxeiría.

2. A autoridade competente expedirá, se é o caso, a tarxeta acreditativa do recoñecemento de apátrida, que habilitará para residir en España e para desenvolver actividades laborais, profesionais e mercantís, así como o documento de viaxe previsto no artigo 28 da Convención sobre o Estatuto dos apátridas do 28 de setembro de 1954. A validez do documento de viaxe será de dous anos.

3. A Oficina de Asilo e Refuxio adoptará as medidas necesarias para vixiar e controlar que, nos termos previstos no artigo 25 da Convención sobre o Estatuto dos apátridas, o órgano competente lles expida ós apátridas aqueles documentos ou certificacións que normalmente lles serían expedidos ós estranxeiros polas súas autoridades nacionais ou por conducto destas.

Artigo 14. *Reagrupación familiar.*

O apátrida recoñecido terá dereito a reagrupa-los familiares ós que se refire o artigo 17.1 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, conforme os requisitos previstos no seu regulamento de execución.

Artigo 15. *Revogación.*

1. A Oficina de Asilo e Refuxio iniciará os trámites para revoga-la resolución pola que se concede o estatuto de apátrida cando este se obtivese mediante datos, documentos ou declaracións a falta de veracidade dos cales se poña de manifesto por outros ós que se teña acceso posteriormente e que resulten esenciais e determinantes para a resolución final.

2. Tamén se acordará a revogación cando con posterioridade ó recoñecemento se teñan razóns fundadas para considerar que os beneficiarios se encontran comprendidos nalgunha das causas recollidas nos parágrafos i), ii) e iii) do artigo 1.2 da Convención sobre o Estatuto dos apátridas do 28 de setembro de 1954.

3. Unha vez instruído o procedemento de revogación, o Consello de Ministros decidirá, logo de proposta motivada do ministro do Interior.

Artigo 16. *Cesamento do estatuto.*

1. O estatuto de apátrida cesará de forma automática cando se produza algún dos seguintes feitos:

- a) Que o apátrida obtivese a nacionalidade española.
- b) Que o apátrida fose considerado nacional por outro estado ou o estado onde fixase a súa residencia lle recoñeza dereitos e obrigas análogos á posesión da nacionalidade do dito estado.
- c) Que sexa recoñecida a súa estadía e permanencia no territorio doutro estado que o documentase como apátrida.

2. Constatada a concorrencia de calquera destas causas, o ministro do Interior declarará cesados os beneficios da Convención sobre o Estatuto dos apátridas, por proposta da Oficina de Asilo e Refuxio.

Artigo 17. *Rexistro Central de Estranxeiros.*

1. A solicitude, concesión ou denegación do estatuto de apátrida inscribírase no Rexistro Central de Estranxeiros.

2. A solicitude inscribírase no momento no que se provea ó solicitante da documentación prevista neste real decreto.

Artigo 18. *Expulsión.*

1. Os apátridas poderán ser expulsados do territorio español nos termos previstos no artigo 31 da Convención sobre o Estatuto dos apátridas e de acordo co procedemento establecido na lexislación de estranxeiría.

2. En todo caso, concederáselle ó expulsado o prazo máximo que establece a lexislación de estranxeiría, nos casos de expulsión, para busca-la súa admisión legal noutro país.

XEFATURA DO ESTADO

14274 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 12/2001, do 29 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes en materia de retencións e ingresos a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades.* («BOE» 176, do 24-7-2001.)

Advertidos erros no texto do Real decreto lei 12/2001, do 29 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes en materia de retencións e ingresos a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 10 en lingua galega, do 2 de xullo de 2001, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 721, primeira columna, segundo parágrafo, terceira liña, onde di: «... anularon o parágrafo 2.º...»; debe dicir: «... anularon o número 2.º...».

Na páxina 721, segunda columna, artigo primeiro, a nova rúbrica do artigo 83 débese pechar co signo ortográfico correspondente ás comiñas.

Na páxina 721, segunda columna, artigo primeiro, a nova redacción do punto 1, parágrafo segundo, do artigo 83, debe ir precedido do signo ortográfico correspondente ás comiñas.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

14276 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.* («BOE» 176, do 24-7-2001.)

A disposición derradeira segunda da Lei 46/1999, do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, na redacción dada pola Lei 6/2001, do 8 de maio, de avaliación de impacto ambiental, autoriza o Goberno para que, no prazo de dous anos a partir da súa entrada en vigor, dicte un real decreto lexislativo no que se refunda e adapte a normativa legal existente en materia de augas.

Para iso, faise preciso incorpora-las modificacións que no texto da Lei de augas introduce a propia Lei 46/1999 antes citada e a sentenza do Tribunal Constitucional 227/1988, do 29 de novembro, na que se estiman parcialmente tanto os recursos de inconstitucionalidade interpostos contra a Lei de augas, como o conflito positivo de competencias formulado contra determinados preceptos do Regulamento do dominio público hidráulico; pola disposición adicional 9.ª 2 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social que modifica os puntos 1.º, segundo parágrafo e 2.º, do artigo 109 da Lei de augas en materia de sancións; polos artigos 2 e 3 da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, na que se adoptan medidas extraordinarias, excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca, modificando e ampliando respectivamente os artigos 63 e 109.2 da Lei de augas; polos artigos 158, 173 e 174 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativos á xestión directa da construción ou explotación de determinadas obras públicas, ó réxime xurídico do contrato de concesión de construción e explotación de obras hidráulicas, así como á modificación do artigo 21 da Lei de augas, ó que engade un novo punto e, finalmente, pola Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e outras medidas para o desenvolvemento do goberno local en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor, seguridade vial e en materia de augas, que modifica e amplía respectivamente, os artigos 17 e 25 da Lei de augas, relativos ó Consello Nacional da Auga e á composición da Xunta de Goberno dos Organismos de Bacía.

Por outra parte, e a pesar do seu rango legal, non se entendeu adecuado incluír no texto refundido, o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ó tratamento das augas residuais urbanas. Esta norma constitúe un complemento do disposto na Lei de augas en relación coas verteduras, pero ten, sen dúbida, outros obxectivos e afecta a outros ámbitos lexislativos diferentes, como ocorre coas augas marítimas reguladas pola Lei de costas. Por iso, sen prexuízo da súa vixencia e aplicación, enténdese que a súa inclusión no texto refundido da Lei de augas ocasionaría importantes disfuncións desde o punto de vista da técnica lexislativa.

En consecuencia, elaborouse un texto refundido da Lei de augas, que se incorpora a este real decreto lexislativo e que ten por obxecto, en cumprimento do mandato legal, recolle-las modificacións que quedaron detalladas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2001,